

O DESENVOLVEMENTO GRAFOMOTOR

O desenvolvemento grafomotor depende do desenvolvemento da crianza en diferentes áreas: motora grosa e fina, comunicativa, cognitiva e sensorial.

Á idade de dous anos, as crianzas empregan a palma da man para soste unha cera e o seu brazo aínda está non aire; non emprega a man contraria para axudarse, e o contacto co papel é aleatorio.

A partir do terceiro aniversario, empregan todos os dedos para soste unha cera, e o brazo, se ben non está ben plantado, xa comeza a descansar sobre a mesa, empregando ademais esa man contralateral como axuda. Aparecen as primeiras liñas horizontal e vertical.

Con catro anos, comeza a emerxer un agarre maduro; o cóvado mantense arriba (escritura de brazo). Comeza a soste a folla de papel coa man contraria e é capaz de copiar un círculo e unha cruz.

Aos cinco anos, os nenos e as nenas empregan un agarre maduro, mentres a man descansa sobre o papel (escritura a man). Empregan a man contraria a propósito para soste e colocar o papel, e as habilidades de copia melloran, xa son capaces de facer un círculo, un cadrado e un triángulo.

